



PROXECTO EDUCATIVO DO IES CELANOVA

INTRODUCCIÓN: ESTRUCTURA DO PEC E OBXECTIVOS

O Proxecto Educativo do IES Celanova parte da base de que é preciso fixar por escrito:

- a. un conxunto de medidas organizativas e de funcionamento que xa se levan á práctica, reflexionando sobre elas e avaliándoas cun criterio realista.
- b. os rasgos xerais, tamén existentes na práctica, do modelo de Centro que quere a Comunidade Educativa.

Por isto, aínda que respetando as directrices xerais marcadas para o PEC polo Regulamento Orgánico dos Institutos de Secundaria e contemplando os seus contidos, este PEC quere ter unha estrutura propia, breve e manexable, que evite, na medida do posible, os lugares comúns e a repetición de preceptos legais (bastaarán as remisións correspondentes). Este esquema será inicialmente o seguinte, susceptible de avaliación e revisión sempre que sexa necesario:

CONTEXTO DO CENTRO:

Breve análise das características de alumnado, profesorado e familias; rasgos máis sobresalientes do entorno social, cultural, económico e xeográfico que inflúen no Centro e na súa organización diaria.

“NOTAS DE IDENTIDADE DO CENTRO”:

Historia, características físicas, dotacións materiais e persoais, carencias... Relacións co entorno (actuais e pretendidas). OPCIÓNS ACADÉMICAS que ofertamos. OPCIÓNS PEDAGÓXICAS: criterios xerais a desenrolar no PCC.

ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO:

ORGANIGRAMA DO CENTRO

ÓRGANOS DE GOBERNO

Consello escolar, equipo directivo e claustro de profesores.

DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

Funcionamento, coordinación, traballo co departamento de orientación,...

TITORÍAS

Funcións e funcionamento. Coordinación. Aplicación do plan tutorial.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Coordinación das titorías. PAT: confección, aplicación e revisión. Orientación académica e profesional. Colaboración coas actividades extraescolares e de formación nas empresas.

RELACIÓNS COAS FAMILIAS

Obxectivos e formas.

HORARIOS DO CENTRO

Influencia dos servicios complementarios e formas de colaboración na súa organización. Organización xeral das actividades extraescolares: facilidades para realizalas e participar. Normas internas relativas a viaxes e saídas didácticas.

ORGANIZACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE

Horarios e funcións dos servicios de limpeza e conserxería.

SECRETARÍA E SERVICIOS ADMINISTRATIVOS

Horarios e funcións. Modos de colaboración cos demais sectores da comunidade educativa.

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR:

Conciso, asequible á todos os sectores da Comunidade educativa, operativo e realista. Ausencias do profesorado. Gardas e substitucións. Titorías e modos de relación co alumnado e as súas familias. Xunta de delegados e participación de alumnos. Normas de Convivencia e a súa corrección; funcionamento da Comisión de Convivencia e delegacións do Consello Escolar. Xestión e control de faltas de asistencia do alumnado.

ITINERARIOS EDUCATIVOS NA ESO:

Oferta do Centro, relación entre asignaturas optativas, incompatibilidades por motivos organizativos, recomendacións e suxerencias para o alumnado.

BACHARELATOS:

modalidades ofertadas polo Centro, asignaturas optativas, posibles incompatibilidades por motivos organizativos, recomendacións e suxerencias para o alumnado, información sobre selectividade.

CICLOS FORMATIVOS:

oferta actual, posibilidades e necesidades futuras.
Organización dos equipos docentes.

O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE NA ESO:

Organización dos distintos tipos de apoio educativo, reforzo e adaptacións curriculares individuais. Os programas de diversificación curricular: oferta e características.

OUTRAS ENSINANZAS:

PROGRAMAS DE GARANTÍA SOCIAL (tipos de programas ofertados, dispoñibilidade de medios humanos e materiais...) E
ENSINANZAS DE ADULTOS (posible oferta, tipos, configuración, necesidades...)

COLABORACIÓN ENTRE OS DIFERENTES SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA:

Propostas para o seu fomento e formas de instrumentalizala.

COLABORACIÓN COS OUTROS CENTROS EDUCATIVOS DA COMARCA:

Coordinación de proxectos educativos e actividades extraescolares. Formas e órganos encargados. Proxectos.

COLABORACIÓN COAS INSTITUCIÓNS DO ENTORNO (Concellos, Mancomunidade, Institucións culturais, ONGs...) para a realización de actividades, uso de instalacións ou axudas económicas. Formas e órganos encargados.

COLABORACIÓN COAS EMPRESAS:

Prácticas dos alumnos que rematan CICLOS FORMATIVOS E PGS. Titorías de prácticas.

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

Uso do galego no Centro.

1. CONTEXTO DO CENTRO

1. O IES Celanova, na súa configuración actual, é o centro de referencia da comarca (Mancomunidade Terra de Celanova e concellos limítrofes) no relativo a ensinanzas obrigatorias e postobrigatorias. Aínda que existen outros centros que imparten ESO, trátase de colexios adscritos ou de CPIs estreitamente relacionados con nós por motivos prácticos (continuidade dos seus alumnos no IES Celanova) ou burocráticos (adscrición formal). Por este carácter de centro educativo “único”, o noso alumnado presenta unha primeira característica de diversidade: procede de varios concellos distintos e de diferentes colexios de primaria ou secundaria. Isto incide no Centro en varios aspectos: a incorporación do alumnado ó longo dos distintos cursos obriga a traballar con niveis de coñecemento e actitudes moi heteroxéneos e a procurar canles de coordinación estreitos cos centros de procedencia.
2. Outro elemento de variedade é a procedencia socio xeográfica: aínda que, nunha grande maioría, o alumnado provén do medio rural, tamén hai un sector de procedencia vilega (sobre todo, o núcleo de Celanova). Tal vez o principal rasco derivado desta configuración sexa a dispersión xeográfica, que inflúe, como se tratará máis adiante, en aspectos fundamentais da organización do Centro: horarios, transporte, actividades complementarias, uso de servicios e recursos complementarios,...
3. A orixe cultural e económica do alumnado e das súas familias e tamén moi diferente, con algúns rasgos xerais: importancia da emigración na configuración das familias, niveis culturais baixos ó lado de situacións económicas medias, escasa oferta de servicios e actividades culturais na zona de residencia,.... Todos estes elementos inciden na vida do Centro, sobre todo, na colaboración coas familias e as institucións.

2. IDENTIDADE DO CENTRO

O actual IES Celanova é o resultado da fusión no ano 93 dos dous antigos Institutos (FP e BUP) e da absorción de parte dos cursos e niveis impartidos anteriormente polos distintos colexios da zona de influencia. Ubicado nun edificio do século XVIII, presenta todas as vantaxes e tamén todos os inconvenientes da reutilización dun espacio que non foi concibido, obviamente, para as necesidades dun centro educativo do século XXI. Entre as primeiras destacan a súa situación céntrica, a existencia de espazos amplos e luminosos e, sobre todo, o pracer estético que supón traballar, estudar ou convivir nun edificio singular, declarado Ben de Interese Cultural. Entre os segundos, os factores negativos, sobresaen os máis directamente relacionados coa ESO: falta de espazos de lecer, imposibilidade de aplicar políticas de “porta pechada” e carencia de instalacións polideportivas axeitadas que obrigan a utilizar espazos municipais e a contar cos servicios de transporte, se ben este problema está en vías de solución coa construción, na actualidade, dun centro multiusos nas proximidades do Instituto.

No relativo a **instalacións** doutro tipo, o IES Celanova conta con aulas específicas de tecnoloxía, plástica, música e informática, ademais das aulas dos ciclos formativos; con talleres de metal e electricidade; con laboratorios de física, química e ciencias naturais; cun salón de actos ben equipado e con material audiovisual; cun espacio adicado a cafetería e comedor e cunha magnífica biblioteca. Carece, pola contra, de despachos para os distintos departamentos didácticos e de aulas de audiovisuais e idiomas, así como de espazos axeitados para almacén e usos múltiples.

En canto a **persoal**, o IES Celanova conta con arredor de 70 profesores dos distintos departamentos, incluíndo á orientadora e as dúas profesoras de Pedagogía terapéutica. O persoal non docente está composto por 9 persoas (conserxes, limpadoras e persoal administrativo) aínda que as actuais necesidades e as características do edificio indican que sería necesario ampliar o seu número e, en certos casos, flexibilizar as súas funcións.

Todos estes medios humanos e materiais deben organizarse para configurar unha **oferta educativa** moi ampla:

- I. ESO con medidas de atención á diversidade, especialmente un Programa de Diversificación Curricular con características propias.
- II. CICLOS FORMATIVOS de grao medio (Xestión Administrativa e Mantemento de Instalacións) e superior (Administración e Finanzas e Instalacións Electro técnicas).
- III. BACHARELATOS nas modalidades de Tecnoloxía, Ciencias e Humanidades.
- IV. PROGRAMAS DE GARANTÍA SOCIAL na modalidade de iniciación profesional.
- V. EDUCACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS

Esta oferta educativa, para asegurar os fins do Artigo 1 da LOXSE, estará guiada na práctica, ademais de polos principios do artigo 2, polas seguintes **opcións metodolóxicas**:

1. **ACTIVIDADE**: formar ó alumno na adquisición de coñecementos e habilidades que lle permitan *aprender a aprender*, ser protagonista da súa aprendizaxe.
2. **INDIVIDUALIZACIÓN**, atendendo, especialmente na ESO, ás súas características e necesidades persoais e partindo do nivel inicial real.
3. **SOCIALIZACIÓN**, potenciando o traballo cooperativo entre os alumnos como preparación para a vida social e democrática.
4. **CREATIVIDADE**, potenciando o pensamento diverxente que posibilita a transferencia de coñecementos, valores e normas ás distintas situacións da vida cotiá.

5. **MOTIVACIÓN**, proporcionando estímulos que favorezcan a construcción de aprendizaxes significativas por parte dos alumnos e a selección de contidos próximos ós seus intereses e necesidades.
6. **COMPRENSIÓN / EXPRESIÓN** como núcleo básico dos contidos procedimentais.

3. ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO

ORGANIGRAMA



a) ÓRGANOS DE GOBERNO

Os órganos de goberno, unipersoais ou colexiados, defínense e regúlanse no título II do Regulamento Orgánico dos IES, polo que sería reiterativo incluír os aspectos legais no PEC. Pero si parece conveniente anotar aquelas particularidades que a comunidade educativa quere fomentar no IES Celanova:

- I. **Participación** de todos os sectores no goberno do Centro como única vía para lograr o modelo de instituto que desexamos.
- II. Equipo directivo como tal **equipo** máis que como a suma de órganos unipersoais.
- III. **Colaboración** entre os distintos órganos de goberno e órganos docentes para un intercambio efectivo de ideas e unha mellor organización do traballo.
- IV. **Distribución e adaptación** das funcións e responsabilidades de cada órgano (dentro do correspondente marco legal) según as características do entro e as necesidades de cada momento, buscando rapidez nas solucións e resultados concretos.
- V. **Autocrítica e autoavaliación** continuas como forma de renovación e aprendizaxe.

b) ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

O funcionamento de departamentos e titorías está amplamente descrito no título III do Regulamento Orgánico dos IES, polo que sería reiterativo, como no caso dos órganos de goberno, incluír os aspectos legais no PEC. Pero si parece conveniente anotar aquelas funcións que a comunidade educativa quere fomentar no IES Celanova:

- I. Potenciar o DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN como elemento fundamental para coordinar e dinamizar ás titorías, as xefaturas de departamento e as actividades complementarias do seu ámbito.
- II. Situar á COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA como peza clave nas relacións entre os Departamentos Didácticos (e, polo tanto, o Claustro de profesores) e o equipo directivo.
- III. Suplir, na medida do posible e coa colaboración dos servicios de Secretaría e a Xefatura de Estudios, as funcións burocráticas e administrativas das TITORÍAS, para configuralas sobre todo como un órgano de relación coas familias e os alumnos.
- IV. Converter ó DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS nun centro fundamental de organización da vida do IES, arbitrando neste PEC e no RRI as medidas organizativas necesarias.

c) RELACIÓNS COAS FAMILIAS

A un centro educativo como o que nós queremos lle corresponde a dobre función de INSTRUÍR e EDUCAR; pero son funcións que, á forza, só cumprirán o seu obxectivo (especialmente a segunda) se existe unha colaboración efectiva das familias e da sociedade, que non deben delegar tales aspectos na escola. Esta colaboración non é, ata o de agora, todo o intensa que profesores, titores e equipo directivo desexariamos, polo que consideramos necesario fomentala e animala. Para intentalo debemos traballar en varios sentidos:

□ DESDE AS TITORÍAS, configuradas sobre todo como órgano de relación: os obxectivos buscados poden resumirse así:

1. contacto inicial ó comezo do curso para recadar e dar información.
2. visitas periódicas das familias ó Centro, polo menos unha por trimestre, con cita previa.
3. facilidades para o intercambio de información cos profesores das distintas áreas e, se é o caso, co equipo directivo, sempre baixo a coordinación do titor.
4. traballo educativo, cando sexa preciso, coas familias, para que sexan partícipes do éxito dos seus fillos e colaboradores necesarios no seu traballo

□ Desde o EQUIPO DIRECTIVO, que debe facer un esforzo por ofrecer información de calidade sobre todos os aspectos da vida do Centro, así como fomentar a participación de familias e asociacións de pais nos órganos de goberno e nas actividades extraescolares. Debe tamén, noutro aspecto, implicar neste traballo ós servizos sociais das diferentes institucións.

□ Desde o DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN, que prestará as axudas necesarias para a detección e solución de problemas.

□ Desde os SERVICIOS ADMINISTRATIVOS E PERSOAL NON DOCENTE, que prestan unha colaboración fundamental nas organización das visitas e que actúan como transmisores de informacións puntuais.

No Regulamento de Réxime Interior concrétanse os medios de funcionamento e os procedementos establecidos para mellorar a relación entre o Centro e as familias.

d) HORARIOS DO CENTRO

O HORARIO XERAL do Centro e dos seus distintos servicios será o establecido na Programación Xeral Anual de principios de cada curso, e estará en función de moi diversos factores:

- I. Como primeiro condicionante, a necesidade de compartir transporte escolar con outros centros de Primaria da zona, que teñen unha organización horaria moi distinta.
- II. En segundo lugar, a nosa propia diversidade de etapas e ciclos, que impón diferentes distribucións e necesidades (tardes para os ciclos formativos, a segunda etapa da ESO e a Educación Permanente de Adultos)
- III. A necesidade de contar con servicios de comedor vixiados.
- IV. A atención ás actividades extraescolares, a realización de horas complementarias por parte dos órganos de goberno e de coordinación docente e a utilización das instalacións do Centro por institucións ou asociacións de pais.

Os HORARIOS CONCRETOS, en canto a distribución horaria de cursos, grupos e profesores, serán precisados ó comezo de cada curso según os criterios establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e o Claustro de Profesores, que figurarán no Proxecto Curricular e que terán en conta a complexidade organizativa do Centro.

Queremos prestar unha atención especial á cuestión das ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS para facilitar a súa realización e conseguir que sexan percibidas por todos os sectores da comunidade educativa como actividades regulares e perfectamente imbricadas na vida do centro. Por isto, ademais das normas contempladas no Regulamento de Réxime Interior, procurárase:

- I. Facilitar a participación dos alumnos, especialmente da ESO, coordinando os seus horarios cos dos servicios de transporte e comedor e realizando unha campaña de información ampla sobre a abundante oferta do centro neste sentido.
- II. Fomentar a implicación do profesorado mediante a compensación en horas complementarias e a creación de grupos de traballo recoñecidos en canto a horas de formación.
- III. Implicar a outros sectores da Comunidade educativa ou alleos a ela (familias, Concellos, Mancomunidade, empresas, ONGs....) na súa organización en varios sentidos: proposta e realización de actividades, axudas para financiación, aportacións de material ou persoal, asistencia como espectadores...

Como resultado dos traballo da Comisión de Coordinación Pedagóxica durante o curso 2001 / 02 temos hoxe un esquema básico para a organización e financiación das saídas didácticas e viaxes propostas polos diferentes departamentos didácticos:

TIPOS DE VIAXES

! ORDINARIAS:

- " Incluídas na programación didáctica do departamento ou departamentos que as propoñen.
- " Presentadas antes do 15 de Novembro para a súa aprobación na segunda sesión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- " O seu orzamento débese adaptar a realidade económica do Centro, que cubrirá o 50% dos gastos, segundo se especifica máis abaixo, así como as axudas de custo.

! EXTRAORDINARIAS:

- " Aquelas que xorden ó longo do curso e que por o seu carácter de imprevisto non se puideron presentar na devandita reunión da C.C.P.

ORGANIZACIÓN

- ! Deben estar totalmente organizadas cunha semana de antelación á data prevista de realización (transporte, visitas, permisos, aportacións do alumnado, listas...)

- ! O profesor responsable debe presentar na vicedirección a “folla de viaxes” que figura a continuación.

! PROFESORADO ACOMPAÑANTE:

- " un profesor por cada 20 alumnos ou fracción, con dereito a axudas de custo.

- " CRITERIOS DE SELECCIÓN:
- proposta do departamento organizador
 - profesorado do grupo que realiza a saída
 - ausencias que ocasionen os menores trastornos posibles á marcha normal do Centro.
 - criterio da Dirección.

! ALUMNADO QUE NON PARTICIPA NA SAÍDA :

- " Clase normal se é máis da metade do grupo.
- " se é menos do 50%,
- organización específica da Xefatura de estudos para grupos da ESO
 - os cursos non obrigatorios quedarán sen clase e poderán organizar apoios ou outras actividades de acordo cos seus profesores.

CRITERIOS ECONÓMICOS

1. Do orzamento total de locomoción deduciranse os totais correspondentes as excursións obrigatorias.
2. A cantidade resultante dividirase, a criterio da Comisión económica, entre o resto das excursións previstas, reservando unha cantidade para as actividades puntuais (estimada según o gastado nos últimos tres anos). Preténdese así cubrir, na maioría dos casos, o 50% do orzamento, cun límite que no ano 2002 queda fixado en 450 ,. O resto dos custos (a metade ou a cantidade que supere o límite) será cuberto con aportacións do alumnado.
3. A aportación do alumnado será recadada polo profesor responsable da viaxe, que a entregará en secretaría. Esta aportación non será devolta o alumnado en ningún caso.

anexo 1

FOLLA DE VIAXES

e) ORGANIZACIÓN DE PERSOAL NON DOCENTE E SERVICIOS DE SECRETARÍA.

Esta función corresponde ó Secretario do Centro nos termos do artigo 32.g do Regulamento Orgánico dos IES. Os criterios-guía que deben informala serán, sobre todo, a ATENCIÓN ÁS NECESIDADES REAIS DO CENTRO (para o que deberá establecerse anualmente un plan concreto en canto a horarios e funcións, con posibilidade de revisión trimestral) e a COLABORACIÓN COS OUTROS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA en aspectos tales como cuidado e mantemento das instalacións, control do alumnado da ESO nos períodos de lecer e nas áreas de uso común, tramitación das faltas de asistencia dos alumnos según o establecido no Regulamento de Réxime Interior...

4. REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR

Aprobado por unanimidade polo Consello Escolar e posto en práctica como texto normativo dende os últimos meses do curso 99 / 00, ten dado un excelente resultado en dous aspectos:

- A. CONTROL E REDUCCIÓN DAS FALTAS DE ASISTENCIA INJUSTIFICADAS DOS ALUMNOS DA ESO, debido a arbitrase dun sistema rápido de control no que a secretaría do Centro xoga un papel inestimable, a delegación na Comisión de Convivencia da tramitación de expedientes e sancións e a concienciación das familias sobre a necesidade de colaborar e informar.
- B. COÑECEMENTO DAS NORMAS E DAS SANCIÓN S QUE ACARREA O SEU INCUMPRIMENTO. Preténdese que todos os sectores interioricen un sentimento de que as normas son necesarias e beneficiosas, tanto na vida do Centro como fóra del.

Por esto o texto aquí presentado como anexo rexistra unhas mínimas variacións, que buscan axustalo á práctica ou a normativa máis recente.

anexo 2

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR

5. ITINERARIOS EDUCATIVOS NA ESO

O IES CELANOVA quiere ofertar ós seus alumnos a maior gama posible de asignaturas optativas, pero debemos ter en conta as limitacións reais (número de grupos, dispoñibilidade de profesorado e espacio,...) e unha certa lóxica na elección. Por isto, poderíamos recomendar algúns dos seguintes criterios:

PRIMEIRO CICLO DA ESO: fomentar o segundo idioma (francés en case todos os casos). Os obradoiros de Matemáticas e de Expresión Oral, por outra banda, non deben entenderse como aulas de reforzo para alumnos con dificultades.

O APARTADO SEGUINTE QUEDA MODIFICADO POR ACORDO DA CCP NO CURSO 2004/2005

VER DOCUMENTACIÓN MATRÍCULA

SEGUNDO CICLO DA ESO: tendo en conta as normas existentes sobre elección de asignaturas optativas, a variada oferta do Centro na actualidade (todas as de catálogo), e a orientación dos alumnos cara estudos posteriores:

- I. A combinación CMS - IE - IM orientada a bacharelatos científico e tecnolóxico ou a ciclos deste tipo.
- II. A combinación CCLAS -TEE - FR para futuros estudos de tipo humanístico
- III. INF como asignatura comodín, xa que se imparte un só nivel. Esta será, coa necesaria modificación do currículo, a asignatura específica de 3º PDC.

IV. **No caso de 4º de ESO**, pensando nos bacharelatos: TEC - FQ para o tecnolóxico e BIO - FQ para o científico; no actual planeamento deste curso, sen embargo, botamos en falta optativas da área de humanidades. As asignaturas de EPV e MUS facilitan, por outra banda, unha maior posibilidade de elección nos bacharelatos.

No relativo a organización, parece lóxico:

1. Non ofertar, como norma xeral, FR de 4º a alumnos que non o teñan cursado en 3º.
2. Incompatibilizar, **no caso de 4º de ESO**, a matrícula simultánea en CCLAS - IE, CCLAS - IM, TEE - IE, TEE -IM.
3. **No caso de 4º PDC**, organizado como grupo independente, impartir unha soa optativa, que pode ser a maioritaria segundo a elección dos alumnos ou unha continuación, con diferente currículo, da INF que cursaron en 3º.

OPTATIVAS		TRONCAIS	
INF	INFORMÁTICA	MUS	MÚSICA
IE	INTRODUCCIÓN ELECTRICIDADE	BIO	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
IM	INTRODUCCIÓN MECÁNICA	EPV	EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL
CCLAS	CULTURA CLÁSICA	TEC	TECNOLOXÍA
TEE	TÉCNICAS DE EXPRESIÓN ESCRITA	FQ	FÍSICA E QUÍMICA
FR	FRANCÉS		
CMS	CIENCIAS MEDIOAMBIENTAIS E DA SAÚDE	PDC	PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

6. OFERTA DE ENSEÑANZAS POSTOBRIGATORIAS

BACHARELATOS: o IES CELANOVA conta coas modalidades de bacharelato científico, tecnolóxico e humanístico, e ofertará, sempre que haxa matrícula suficiente, todos os itinerarios e asignaturas optativas de cada un. Pretendemos con isto garantir a maior oferta posible para o noso alumnado.

CICLOS FORMATIVOS: a oferta actual de formación profesional no IES Celanova herda, como é lóxico, as especialidades e ramas da FP do antigo sistema. Contamos con:

1. CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO:
 - a. Xestión Administrativa.

2. CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR:
 - a. Administración e Finanzas.
 - b. Instalacións Electrotécnicas.

No futuro, o catálogo de ciclos formativos deberá ser revisado en función das necesidades productivas da comarca e das demandas dos propios alumnos.

7. O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

O tratamento da diversidade na Ensinanza Secundaria Obrigatoria é un dos temas máis novidosos e importantes que afectan a todo o profesorado do Centro. Compre, en primeiro lugar, dar a coñecer en que consiste e, por outro lado, organizalo debidamente para convertelo nun tema máis da vida do Centro. No IES Celanova, en concreto, traballamos en varios sentidos:

- I. MEDIDAS CURRICULARES: **reforzo educativo** (en distintos graos, con profesores de aula en réxime de desdobramento ou con profesores de Pedagogía Terapéutica) e **Adaptacións Curriculares** para alumnos con necesidades educativas especiais.

- II. MEDIDAS ORGANIZATIVAS: **Programas de Diversificación Curricular** na segunda etapa da ESO, con particularidades propias e, ata o momento, excelentes resultados, así como **agrupamentos específicos** e transitorios nas áreas básicas.

8. OUTRAS ENSINANZAS.

A partir do curso 00/01 o IES Celanova oferta dous novos tipos de ensinanzas, necesarias para dar resposta ás posibles demandas do noso entorno:

- A. PROGRAMAS DE GARANTÍA SOCIAL, para evitar o abandono do sistema educativo de alumnos que non obteñen, por diversas circunstancias, o Graduado en Secundaria; o Centro, desde o curso 2001 / 02 oferta a modalidade de PROGRAMAS DE INICIACIÓN PROFESIONAL, na que os alumnos cursan a área práctico- tecnolóxica nas empresas. Desta maneira o alumno elixe o perfil profesional que quere cursar e que mellor se adapta as súas características e posibilidades, sen as limitacións que imporía o modelo tradicional de PGS. Os obxectivos marcados para estes alumnos son, basicamente, tres:
- c. Acercar os alumnos ó mundo laboral cunha cualificación mínima
 - d. Facilitarlles un posible paso ós ciclos formativos de grao medio que, como é sabido, pode efectuarse mediante unha proba reducida con respecto á normal para alumnos doutras procedencias.
 - e. Preparar para obter o Graduado Escolar ós alumnos que non o teñan, xa que o curso 2001 / 02 será a última oportunidade.

Coas experiencias obtidas no primeiro ano de funcionamento do programa, positivas e negativas, o Departamento de Orientación e os equipos directivo e docente elaboraron un documento-guía que pretende subministrar criterios de actuación a alumnos, pais e profesores. O texto figura a continuación como anexo.

- B. EDUCACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS, polo menos nos chamados módulos 3 e 4 da ESO. Trátase de facilitar a obtención do título de Graduado en Secundaria a alumnos que, por ter cumpridos os 18 anos, non poden continuar en réxime normal. Compre, neste campo, a coordinación cos servizos educativos do Concello, que teñen unha oferta complementaria. Cando haxa demanda ofertarase tamén o Bacharelato.

9. COLABORACIÓN ENTRE OS DIFERENTES SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

A colaboración entre todos os sectores da Comunidade educativa é un elemento imprescindible para lograr o Centro que todos queremos; non debe limitarse, a pesar da súa importancia, á relación das familias cos titores dos seus fillos (comentada máis atrás) nin a colaboracións puntuais entre departamentos ou persoas, senón que debe aparecer como unha constante no clima relacional do Centro, de forma que facilite o traballo e o aproveitamento de cada un.

O esquema de colaboración queda reflectido no organigrama do Centro e implica, ás veces, ampliar as funcións de determinados órganos: servizos administrativos e persoal non docente, titores, profesores, xefes de departamento, orientadora e equipo directivo (ver os respectivos apartados). As formas de colaboración máis importantes, por outra banda, concrépanse no Regulamento de Réxime Interior e no Regulamento Orgánico dos IES dunha forma normativa.

10. COLABORACIÓN COS CENTROS EDUCATIVOS DA COMARCA

O feito de que o IES Celanova sexa, dalgunha maneira, o centro educativo de referencia para unha comarca moi ampla fai necesario o establecemento dunha vía de colaboración e coordinación cos centros educativos dos que pode proceder o noso alumnado. Estes labores han ser de varios tipos:

- A. Os alumnos e profesionais deses centros deben coñecer que se lles oferta: o noso IES realiza, no segundo trimestre de cada curso, unha campaña informativa no relativo a plans de estudos, formas de acceso, requisitos de preinscripción e matrícula, servicios cos que conta... a través de visitas ós centros, de invitacións para que alumnos, asociacións de pais e profesorado coñezan as nosas instalacións e da distribución de carteis e publicidade escrita.
- B. Os departamentos didácticos do IES deben traballar coordinados co profesorado do centro adscrito de Cartelle e dos colexios de educación primaria e CPIs da nosa zona de influencia. Para isto, cada inicio de curso establecerase un calendario de reunións para fixar os plans de traballo e intercambiar información e criterios. O mesmo pode dicirse dos Departamentos de Orientación dos centros mencionados, máxime tendo en conta que algúns deles dependen directamente do IES Celanova .
- C. As actividades extraescolares (viaxes, espectáculos, teatro, competicións deportivas...) poden, en moitos casos, realizarse en común ou ser intercambiables. Fomentaremos o uso compartido de medios e espazos en función das necesidades e dispoñibilidades de cada centro concreto.

11. COLABORACIÓN COAS INSTITUCIÓNS E AS EMPRESAS.

Dentro das necesidades de colaboración dun centro educativo como o noso xoga un papel fundamental a relación coas **INSTITUCIÓNS** do entorno que realicen actividades educativas, culturais ou que faciliten medios ou espazos para desenvolver as propostas do IES. Neste sentido, debemos destacar:

- I. **CONCELLOS**, en temas de transporte, infraestructuras deportivas, bibliotecas e organización de actos culturais. No noso caso, tamén a **MANCOMUNIDADE TERRA DE CELANOVA**. As iniciativas e as formas de colaboración canalizaranse a través do Departamento de Actividades Extraescolares ou, cando corresponda, da Xefatura de Estudos e da Vicedirección.
- II. **INSTITUCIÓNS** que poidan prestar servicios complementarios en temas como a sanidade, a educación, a información laboral,...: Cruz vermella, Cimo, Centro de orientación familiar, Instituto Galego de emprego, Universidades e outras. As propostas e as iniciativas de colaboración serán competencia do Departamento de Orientación.
- III. No caso das **EMPRESAS** buscaremos a colaboración necesaria para a realización das prácticas correspondentes ós módulos de Formación en Centros de Traballo e da área tecnolóxico-práctica dos Programas de Garantía Social, pensando sobre todo na calidade das empresas, na adaptación das súas actividades ó perfil dos alumnos e nas posibilidades reais de que estes, unha vez terminada a súa formación, poidan recibir ofertas de traballo dignas. Todo este labor, nos términos legais correspondentes, será levado a cabo polo Titor de Prácticas en Empresas (coa colaboración dos titores dos ciclos formativos e do Programa de Garantía Social, dos Departamentos de Actividades Extraescolares e de

Orientación e da Xefatura de estudos) que asesorará e controlará periodicamente o traballo dos alumnos e manterá informada á Dirección do Centro. No caso concreto dos PGS as familias dos alumnos son tamén un elemento importante desa colaboración.

12. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Todo o que se pode dicir sobre o uso do galego no IES Celanova está recollido no Decreto 247/1995, que cumprimos amplamente e superamos con creces: o idioma galego é a nosa lingua de comunicación a todos os niveis, e aplícase no ensino cos únicos atrancos de falta de materiais específicos para algunhas materias (que se suple co traballo dos departamentos na confección de unidades didácticas e actividades) ou de casos puntuais de persoas procedentes doutras Comunidades autónomas ou de terceiros países. Non obstante, debemos facer esforzos para que esta situación se manteña ou mellore, e neste sentido van dirixidas as propostas do Equipo de Normalización Lingüística que a continuación se relacionan:

1. PROXECTO DE ACTUACIÓNS

- a. Fomentar o emprego do galego por parte do profesorado nas conversas que manteñen coas familias, co alumnado e co persoal non docente.

- b. Fomentalo tamén nas actividades extraescolares, reunións de pais, festivais ou conferencias.
- c. Editar en galego as publicacións do Centro (revista, folletos informativos...)
- d. Promover no centro a creación dunha emisora de radio.
- e. Ter ben dotada de libros en galego a biblioteca do centro e as bibliotecas de aula.
- f. Fomentar, a través de xogos e outras actividades lúdicas, o uso da lingua galega nas actividades informais do alumnado.
- g. Poñer ó alumnado en contacto coas raíces culturais de Galicia e coa realidade actual do país:
 - i. Recuperar e potenciar os xogos e as festas populares.
 - ii. Recoller e espallar a literatura popular.
 - iii. Realizar visitas de carácter didáctico que lles permitan coñecer a presenza da lingua galega na Galicia actual, sobre todo en actividades socialmente prestixiadas.
- h. Promover encontros e intercambios con alumnado doutras zonas, sobre todo daqueles centros que destaquen polo seu avance normalizador.
- i. Impulsar a formación de grupos musicais e teatrais que desenvolvan a súa actividade en galego.
- j. Convocar concursos literarios entre o alumnado e manter o tradicional certame de relato e poesía “Celso Emilio Ferreiro”

2. ACTIVIDADES DIRIXIDAS Ó FOMENTO DE ACTIVIDADES POSITIVAS:

- a. Organizar campañas orientadas á desaparición de prexuízos lingüísticos e ó fomento de actitudes positivas cara a lingua.
- b. Realizar carteis, adhesivos, slogans,...promovendo o uso da lingua galega.
- c. Establecer un TABOLEIRO DA LINGUA que recolla todas aquelas novas que supoñan un avance na recuperación de prestixio social da lingua e que poidan ser coñecidas por todos os membros da comunidade educativa.
- d. Editar unha publicación periódica na que se recolla unha selección desas novas de interese.
- e. Proporcionar información sobre materiais existentes que permitan un incremento da docencia na lingua galega.
- f. Realizar charlas de todo tipo (con escritores, sociolingüistas, personaxes públicos que empreguen o galego na súa profesión...) para promocionar a utilización social da lingua.
- g. Facilitar información sobre a normativa que regula o uso do galego indicando en que medida nos afecta a cada un de nós.
- h. Realizar campañas dirixidas á cidadanía e o comercio da comarca (campaña de rebaixas, Nadal, menús para restaurantes...)
- i. Iniciar unha campaña de galeguización dos nomes entre o alumnado.